

MATERIA
Historia da Arte Galega Antiga e Medieval

TITULACIÓN
Grao en Historia da Arte

unidade
didáctica
6

O mundo do románico

Cendón Fernández, Marta

Historia da Arte
Facultade de Xeografía e Historia

unidadesdidácticas
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

DESCATALOGADO

© Universidade de Santiago de Compostela, 2013



Esta obra atópase baixo unha licenza Creative Commons BY-NC-SA 3.0. Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra non incluída na licenza Creative Commons BY-NC-SA 3.0 só pode ser realizada coa autorización expresa dos titulares, salvo excepción prevista pola lei. Pode acceder Vde. ao texto completo da licenza nesta ligazón:

<http://creativecommons.org/licenses/by-nc-sa/3.0/es/legalcode.gl>

Deseño e maquetación

J. M. Gairí

Edita

Vicerreitoría de Estudantes,
Cultura e Formación Continua
da Universidade de Santiago de Compostela
Servizo de Publicacións
da Universidade de Santiago de Compostela

ISBN

978-84-15876-51-9

MATERIA: Historia da Arte Galega Antiga e Medieval

TITULACIÓN: Grao en Historia da Arte

PROGRAMA XERAL DO CURSO

Localización da presente unidade didáctica

Unidade I. A Arte Prehistórica

- O Paleolítico
- O Megalitismo
- O Calcolítico

Unidade II. A Arte Protohistórica

- A Idade do Bronce
- A cultura castrexa

Unidade III. A Arte Antiga

- A Arte Romana

Unidade IV. Unha nova relixión

- A Arte Paleocristiá

Unidade V. A Alta Idade Media

- A Arte Galega durante o dominio suevo
- A Arte Hispanovisigoda
- A Arte Asturiana
- A Arte do século X

Unidade VI. O mundo do románico

- As orixes do románico
- A auxe do románico
- O mestre Mateo e o seu taller
- A Arte do Císter

Unidade VII. O mundo do gótico

- Os inicios do gótico
- A expansión do gótico

ÍNDICE

PRESENTACIÓN

Os obxectivos

1. Xerais
2. Específicos

Os principios metodolóxicos

Os contidos básicos

1. As orixes do románico
 - 1.1. Contexto histórico e cultural
 - 1.2. Contexto artístico
 - 1.2.1. San Antoíño de Toques
 - 1.2.2. San Xoán de Vilanova (Perbes)
 - 1.2.3. San Martiño de Mondoñedo (Foz)
 - 1.2.3.1. *Planta*
 - 1.2.3.2. *Interior*
 - 1.2.3.3. *Exterior*
2. A auxe do románico
 - 2.1. Contexto histórico e cultural
 - 2.2. Contexto artístico
 - 2.3. A catedral de Santiago
 - 2.4. A catedral de Tui
 - 2.5. A catedral de Lugo
 - 2.6. Outros exemplos
 - 2.6.1. Santa María de Sar
 - 2.6.2. Xunqueira de Ambía
3. O mestre Mateo e o seu taller
 - 3.1. O Pórtico da Gloria
 - 3.2. A catedral de Ourense
 - 3.3. Outros edificios do románico tardío
 - 3.3.1. San Lourenzo de Carboeiro
 - 3.3.2. Santa María de Cambre
4. A Arte do Císter
 - 4.1. A implantación do Císter na Galicia medieval
 - 4.2. A arquitectura dos mosteiros cistercienses en Galicia
 - 4.2.1. Igrexas abaciais
 - 4.2.2. O claustro e as súas dependencias

Actividades propostas

Avaliación da unidade didáctica

Bibliografía

1. Xeral
2. Específica
 - 2.1. Arte románica
 - 2.1.1. Catedral de Santiago
 - 2.2. Arte do Císter
3. Recursos en DVD

PRESENTACIÓN

A materia *Historia da Arte Galega Antiga e Medieval* (G5011421, Grao en Historia da Arte, Materia Ordinaria Grao RD 1393/2007), posúe o carácter de obrigatoria e ten que ser cursada no último ano (4º curso), en concreto no primeiro cuadrimestre. Está integrada no módulo G5011M07 *Coñecementos da Historia da Arte Xeral Universal*. Consta de 6 créditos ECTS, o que supón un total de 150 h de dedicación total por parte do alumnado. Este estaría dividido en:

Traballo presencial do alumnado: 51 h, das que 32 h son de docencia expositiva, 16 h docencia interactiva e 3 h de titorías personalizadas.

Traballo persoal do alumnado: 99 h, das que se podería facer una aproximación orientadora, na que se tivese en conta

- Estudo autónomo individual ou en grupo: 60 h.
- Lecturas recomendadas, actividades de biblioteca e similar: 25 h.
- Preparación de presentacións orais, debates e similares: 7 h.
- Outras tarefas propostas polos profesores: 7 h.

No se esixen coñecementos previos para comprender os diferentes temas ou unidades de estudo que integran esta materia; porén sería aconsellable ter aprobadas as materias xerais de Arte Antiga e Medieval impartidas en 1º e 2º curso. Por outra banda esta materia está estreitamente relacionada coa Historia da Arte Española Antiga e Medieval, optativa de 4º curso.

Dentro dela, a unidade didáctica a desenvolver é a VI, «O mundo do románico», que constaría de catro apartados que seguen unha estrutura cronolóxica excepto o último que está en relación cunha nova orde monástica: o Císter. A duración total sería de 12 horas, distribuídas en catro semanas con dúas horas expositivas e unha interactiva por semana.

OS OBXECTIVOS

1. Xerais

Dentro do conxunto da materia, establécense uns obxectivos xerais. Estes son:

- **obxectivo 1:** coñecer as manifestacións artísticas máis relevantes de Galicia;
- **obxectivo 2:** relacionar as obras conservadas en Galicia coas doutros lugares e períodos;
- **obxectivo 3:** ter en conta que tanto a historia, como a literatura, as fontes documentais, a filosofía, a liturxia..., son fundamentais para a comprensión das obras, polo que o enfoque será interdisciplinario;

- **obxectivo 4:** utilizar a linguaxe específica e a terminoloxía adecuada, propia das manifestacións artísticas;
- **obxectivo 5:** establecer diferentes niveis de aproximación á obra de arte: desde a divulgación á investigación;
- **obxectivo 6:** implicarse na defensa e conservación do patrimonio cultural máis próximo: o referente ás épocas máis antigas da arte en Galicia.

2. Específicos

Nesta unidade en concreto, tratarase de que o alumnado poida acadar algúns dos obxectivos xerais, no campo específico do mundo do románico. Por iso formulamos o mesmo número de obxectivos para a unidade, tratando de que cada un dos específicos supoña unha concreción dalgún dos máis amplos. De feito a elección desta unidade responde á capacidade dos seus contidos de seren tratados dende perspectivas moi variadas e con iso acadar un maior número de obxectivos.

Por iso non nos parece axeitado abordar este capítulo como simplemente Arte Románica, senón como un conxunto de factores a ter en conta para explicar unhas manifestacións artísticas que responden a un contexto histórico no que Galicia entra nunha etapa de recuperación económica, cun achegamento dos monarcas e un papel cada vez máis consolidado dos bispos; así mesmo a arte expresa toda unha relixiosidade que coñecemos mellor por testemuñas escritas, ademais dos restos materiais; ou unha linguaxe que é preciso entender en relación coa súa función, situación, paisaxe...

Por todo iso preténdense acadar os seguintes obxectivos:

- **obxectivo 1:** coñecer as manifestacións artísticas máis relevantes da arte románica en Galicia;
- **obxectivo 2:** relacionar as obras románicas conservadas en Galicia coas doutros lugares e períodos;
- **obxectivo 3:** ter en conta que tanto a historia dos séculos XI e XII, como a literatura, as fontes documentais, a filosofía, a liturxia..., son fundamentais para a comprensión das obras, polo que o enfoque será interdisciplinario;
- **obxectivo 4:** utilizar a linguaxe específica e a terminoloxía adecuada, propia das manifestacións artísticas do románico;
- **obxectivo 5:** establecer diferentes niveis de aproximación ás obras románicas: desde a divulgación á iniciación á investigación;
- **obxectivo 6:** implicarse na defensa e conservación do patrimonio románico máis próximo ao seu lugar de residencia.

OS PRINCIPIOS METODOLÓXICOS

Co obxecto de facilitar e racionalizar o desenvolvemento da materia empregaranse as seguintes técnicas:

Clases expositivas: nelas farase a explicación dos contidos teóricos. Trátase dunha actividade presencial na aula á que se lle dedicarán dúas horas das tres con que conta a materia cada semana. Para o desenvolvemento desta unidade dispoñemos de catro semanas, que se corresponden cos catro apartados nos que dividimos a unidade. O método de exposición está sempre apoiado por presentacións nas que a imaxe prima sobre a letra, salvo nos casos de cronoloxías concretas, contexto histórico que se presentarán dun xeito esquemático.

Clases interactivas: as actividades serán prácticas aínda que están relacionadas cos contidos teóricos da materia. Destas clases, das que temos en total catro horas, só dúas -a primeira e a cuarta- terán lugar na aula. As dúas intermedias desenvolveranse en senllas visitas á catedral de Santiago.

Titorías: desenvolveranse preferentemente con carácter presencial, no despacho número 30 da Facultade de Xeografía e Historia. Nelas procurase resolver as dúbidas de cada alumno en particular, non só referentes á materia, senón, xa que se trata dunha materia do último curso, ás que o mundo do románico lle pode suscitar de cara ao futuro: estudos de Máster, bibliografía sobre edificios do seu interese...

Traballo non presencial: facilitarase ao alumnado o material necesario para a súa participación nas clases interactivas que serán desenvolvidas no apartado de contidos.

OS CONTIDOS BÁSICOS

Os contidos que se van desenvolver nesta unidade didáctica abranguen non só as producións artísticas que se etiquetan como románicas, senón a todo o mundo no que elas se integran. Por iso, é imprescindible unha primeira aproximación ao contexto histórico de Galicia nos séculos XI e XII, que poida explicar o porqué da demora na chegada do románico a esta área xeográfica. De feito, o primeiro románico e o románico pleno chegan case ao mesmo tempo, quedando un gran baleiro no que a arte se refire, ata o derradeiro terzo do século XI.

Pola contra, o románico pleno supón un dos períodos máis importantes, non só da arte en Galicia, senón tamén da arte europea da época. Este feito tamén se ten que explicar polas circunstancias especiais da historia de Galicia: o papel da igrexa compostelá que chega ao seu máximo esplendor baixo o bispo Xelmírez, quen fará o necesario para transformala nun arcebispado fronte a sés como a de Braga. Compostela será o motor para toda Galicia, de xeito que a influencia da catedral compostelá se fará notar en toda a arte galega da época; estaríamos xa a falar do século XII.

Xa ao remate do século XII, volve a xurdir unha figura en Santiago que volve a ser quen teña un maior influxo, non só na arte galega, senón tamén na peninsular.

Trátase nesta ocasión dun artista, arquitecto e escultor, o Mestre Mateo, que remata o lado occidental da catedral, dende a cripta á tribuna, cun pórtico no piso intermedio que constitúe unha das obras tardorrománicas máis relevantes de toda a Historia da Arte: o Pórtico da Gloria. Novamente será Compostela, co Mestre Mateo e o seu taller, quen marque a arquitectura e escultura que se fará en toda Galicia, ata o punto de que os motivos decorativos empregados por Mateo rexurdarán constantemente ao longo da arte gótica galega.

Como fin desta unidade estúdase unha produción artística vinculada a unha nova orde monástica, o Císter. Trátase fundamentalmente dunha arquitectura que emprega unha linguaxe nova –arcos apuntados–, dentro dunhas estruturas sólidas que continúan a tradición do románico. Aínda que para algúns investigadores supuxo a creación dun estilo, este punto de vista queda hoxe totalmente obsoleto.

En realidade a evolución histórica ou a artística non son un conxunto de parámetros inamovibles, senón en continuo cambio. Aínda que a subdivisión interna da narración histórica é un dos obxectos fundamentais da historia da arte, non existe un modelo ideal, e as divisións non son máis que convencións para facilitar o estudo. De feito, nesta unidade empréganse dous modelos de estudo: un vinculado aos estilos e outro á función dun conxunto artístico; neste caso a de acoller tódalas necesidades dunha comunidade monástica que rexeita a decoración porque distrae aos monxes, pero que precisa de estancias para desenvolver as actividades propias da comunidade, formada por monxes, novicios e conversos (comprometidos polos votos, pero que no último caso non tomaban parte no oficio divino e a súa obriga principal era o traballo), e un segundo grupo formado polas persoas relacionadas cos mosteiros por motivos espirituais o simplemente de traballo.

1. As orixes do románico

A chegada dun novo estilo á arte galega, prodúcese cun gran retraso en relación co resto da Europa Occidental, e na propia Península coa zona de Cataluña onde temos algúns exemplos dos máis relevantes do chamado «Primeiro Románico», que foi tamén chamado catalán-lombardo poñendo o acento nesa comunidade, fronte ao norte de Italia onde xorden edificios con características semellantes.

1.1. Contexto histórico e cultural

Coa morte de Vermudo III de León (1037), sube ao trono Fernando I de Castela, de xeito que o peso que tiña Galicia no reino astur-leonés é substituído polo poder de Castela. A alta nobreza galega considerou ao novo rei como un usurpador, ao que o monarca respondeu coa confiscación dos seus bens.

No ano 1064 Fernando I visita Compostela en calidade de peregrino, buscando a protección de Santiago para a conquista de Coímbra. Non obstante a catedral que se atopou era a vella basílica de Afonso III, restaurada por San Pedro de Mezonzo tralo incendio de Almanzor.

O monarca morre ao ano seguinte, quedando o reino dividido entre os seus tres fillos varóns: Sancho en Castela, Afonso en León e García en Galicia.

A chegada dun novo rei para Galicia provocará a satisfacción da nobreza que facilitará un rexurdimento económico. As sedes episcopais serán restauradas, en concreto a de Tui, que desde 1069 terá como bispo a Don Xurxo, que establece a sé en San Bartolomeu; mentres Ourense será renovada en 1071 co bispo Ederonio.

Pero a consecución dun rei propio para Galicia foi breve: García é derrotado polos seus irmáns en 1071, e un ano máis tarde será Sancho II de Castela quen se coroe rei en León. Trala súa morte meses máis tarde, Afonso volve a reinar, prendendo ao seu irmán García (1073), que foi encerrado no castelo de Luna ata a súa morte en 1090.

O novo monarca da coroa catelá-leonesa será Afonso VI, co que Galicia vivirá unha nova etapa.

1.2. Contexto artístico

O comezo da arquitectura románica de Galicia ten lugar no último cuarto do século XI. Nesta época realízanse un pequeno número de construcións no que se distinguen dúas tendencias:

A primeira pode chegar a desembocar nunha arte románica, lombardo-catalá por ser o seus recursos máis destacables a utilización dun aparello pequeno e regular, arquiños de medio punto nas zonas absidais e fiestras a dobre vertente, que se perfilan a veces como un arco de medio punto dobrado.

Porén esta primeira corrente está abocada a desaparecer ante unha segunda tendencia, de clara orixe francesa, e que vai ser empregada nas obras da catedral de Santiago.

A primeira das tendencias está representada en tres edificios de complexidade e importancia desigual: San Antoíño de Toques, San Xoán de Vilanova (Perbes, A Coruña), que constan dunha soa nave e unha capela maior, e San Martiño de Mondoñedo, cun corpo de tres naves e triple ábsida.

1.2.1. San Antoíño de Toques

A primeira noticia existente sobre a igrexa de San Antoíño de Toques remóntase ao ano 1067, ano no que se data un documento polo que se amplían os bens da igrexa. É o no século XI cando o mosteiro se somete á regra beneditina, o que provocou a doazón dunha importante cantidade de terras e privilexios ao mosteiro. A estrutura da actual igrexa remóntase á segunda metade do século XI, momento en que a nova regra fai que o edificio teña que adaptarse ás novas necesidades, comezando a introducirse unha linguaxe de tipo románico.

Teñen grande importancia os elementos prerrománicos e a tipoloxía do edificio responde a un esquema moi sinxelo: é unha igrexa de planta rectangular con nave única e ábsida de planta rectangular, cuberta a nave con teito de madeira

e a capela con bóveda de canón. Na parte superior dos muros da nave sobresaen as ventás con arco de medio punto liso de moi pronunciada inclinación.

O primeiro que chama a atención ao exterior é a rotundidade dos volumes xeométricos da nave e do presbiterio, que confirman a antigüidade do monumento. Un compoñente da nova arquitectura é o aparello de cantería organizado en perpiaños de igual grosor e altura, aínda que hoxe en día se encontra moi alterado pola reconstrución que se leva cabo en época románica o que obriga a realizar unha selección entre o aparello románico e prerrománico.

No lado norte, o trazado do arco da portada sería prerrománico, próximo a igrexas como Loio ou Pazó. O acceso polo sur está flanqueado por un arco de tendencia á ferradura que hoxe xorde retocado para unha mellor identificación cun arco de medio punto ao prescindir das doelas de arranque introducindo outras; algunhas doelas foron utilizadas como aparello mural. Na cabeceira consérvanse outros trazos típicos do século X tales como o motivo de puntas de serra, disposto de modo forzado, signo evidente da súa reutilización. Sobre este motivo dispónse unha imposta corrida de carácter vexetal e xeométrico de profunda tradición visigoda, con follas de contorno lanceolado arrancando dun talo central, palmas inscritas en círculos e círculos con rombos.

Rematan os muros do presbiterio arquiños colocados baixo os aleiros; son arcos de medio punto apoiados en modillóns pequenos de decoración xeométrica.

Así pois, a igrexa de San Antoíño de Toques preséntase como un edificio altomedieval que foi reformado a fins do século XI, segundo as fórmulas propias da arte románica do momento, á que pertencen as portas norte e sur, as ventás da parte superior da nave e os modillóns. Mención especial merecen os arquiños do presbiterio que xunto coa dobre vertente das ventás e os arcos dobrados, permiten incluír esta remodelación como unha das primeiras manifestacións da arquitectura románica en Galicia.

Cronoloxicamente a doazón do ano 1067 do rei Don García serviría de marco antes do cal non sería posible a intervención na vella fábrica.

1.2.2. San Xoán de Vilanova (Perbes)

Debeu de construírse a fins do século XI, aínda que se carece de toda referencia documental.

Trátase dun pequeno edificio dunha soa nave, rematada por unha ábsida semicircular precedida dun diminuto tramo recto. Como no seu momento defendeu Bango, é unha forma totalmente innovadora para a arquitectura galega, na que o usual para os presbiterios dos templos era o remate recto.

No interior chama a atención a sobriedade ornamental da ábsida e da nave, a parte das sinxelas ventás laterais e a imposta lisa que marca o arranque da bóveda.

Nos muros da ábsida utilizouse unha magnífica cantería de granito que ao exterior presenta un corte que a relaciona con edificios prerrománicos. Destaca na ábsida a presenza de arcos dobrados que descansan en modillóns, distribuídos en tres grupos de catro arcos separados por unha pilastra; é a primeira vez que unha

ábsida aparece dividida en tres partes de iguais proporcións. Sobre os arquiños colocouse unha fila de pedras de cantería e enriba unha cornixa, lixeiramente saída, decorada cun trezado. Nos muros laterais da nave empregouse o motivo de talo ondulante acompañado de elementos vexetais estilizados, algún xeométrico e o que é máis sorprendente tamén zoomorfo.

1.2.3. San Martiño de Mondoñedo (Foz)

A última obra deste grupo inicial de construcións románicas, e a máis complexa de todas pola súa planta e alzado, é San Martiño de Mondoñedo. Da construción prerrománica, que foi sede dos bispos de Mondoñedo, dende o reinado de Afonso III, quedan diversos restos na fábrica actual. En realidade, a igrexa xorde en relación coa permanencia de San Rosendo á fronte da diocese (925-944).

O comezo da obra románica adoita fixarse no episcopado de Don Gonzalo, que vai dende o último cuarto do século XI á primeira década do século XII (1077-1112); non obstante existirán diversas campañas construtivas que, xunto coas reformas que experimentou durante a súa complicada historia, dan lugar ao edificio actual.

1.2.3.1. *Planta*

Se ben segundo Núñez a igrexa altomedieval tería unha soa nave e unha soa ábsida, con accesos nos muros norte e sur, a obra románica comezou pola cabeceira, composta hoxe en día por tres ábsidas semicirculares, por dentro e por fóra, que como en San Xoán de Vilanova, van precedidas por tramos rectos. A nave central é algo máis ancha que as laterais. Destaca a presenza dun cruceiro que só sobresaie en alzado.

1.2.3.2. *Interior*

O interior do edificio resulta máis expresivo que o exterior á hora de precisar as diferentes etapas construtivas. A parte interior das ábsidas é a máis homoxénea; as ábsidas presentan unha enteira sobriedade ornamental que fai destacar a pureza das liñas arquitectónicas. Nos seus muros ábrense ventás abucinadas rematadas por arcos de medio punto. Os breves tramos rectos cóbrense con bóvedas de canón seguidas doutras de forno ou cuarto de esfera na ábsida.

Ante estas levantouse o cruceiro, que sobresaie unicamente en alzado; as bóvedas e o ciborio central orixinan unha maior complexidade arquitectónica que fixo necesario colocar uns piares cruciformes con columnas pegadas, as cales rematan en curiosos capiteis que se apoian nos arcos faixóns. A presenza do cruceiro é excepcional, pero aínda máis que só destaque en alzado. No tramo central érguese un peculiar ciborio sobre trompas que tampouco é habitual. Á súa vez o ciborio queda encerrado nun cubo cuberto por un tellado á mesma altura que o da nave central, e polo tanto unha parte do citado cubo é visible dende a nave. Pola súa banda, os brazos do cruceiro cóbrense con bóvedas de canón.

Os piares da nave central son de sección cruciforme pero sen columnas, característica excepcional no románico galego. Neles só apoian os arcos formeiros, que no extremo occidental o fan en pilastras embutidas no muro. Arcos de medio punto soportan as bóvedas e o ciborio, e apóianse en columnas e piares cruciformes, cuns capiteis que forman un dos conxuntos máis singulares da escultura románica galega, onde se representan seres fantásticos, cabezas humanas entre serpes... e nos que se superpoñen varios temas bíblicos.

A morte do bispo Don Gonzalo no 1112 debeu afectar ás obras e durante o episcopado de Nuño Afonso entraron na nova fase. E así, cando a construción do cruceiro estaba concluída ou pouco lle faltaba, hai un cambio de taller, e a presenza dun novo mestre varía os esquemas arquitectónicos. Así se entende que as columnas pegadas ao muro norte perdan a súa función, que se supriman os fustes e os capiteis dos piares, ao mesmo tempo que se adecúan os arcos dobrados, que substitúen os simples ata agora empregados. Finalmente déixase de dotar ás ventás de dobre vertente. Todo isto tamén vai permitir que chegue á nave central a luz directa utilizando teitumes de madeira nas naves. Xunto con iso hai que destacar os novos tipos de capitel empregados nas columnas da cara occidental dos machóns do cruceiro.

1.2.3.3. Exterior

Como se indicou, a obra comezouse pola cabeceira, composta por tres ábsidas semicirculares, por dentro e por fóra como vimos, que presentan certas semellanzas cos de San Xoán de Vilanova. Cabe resaltar o feito de que as ventás da ábsida central presentan certos cambios nas proporcións e, sobre todo, no aparello do sobremarco (adorno que se realiza en torno a ventás, portas, etc.) que presenta decoración de tacos. As outras dúas ventás presentan arquiños que, como é habitual, se apoia en modillóns pequenos; a reducida cornixa das ábsidas menores decórase con baquetóns na ábsida sur, mentres que no norte presenta decoración de tacos. Os contrafortes corresponden a unha restauración que se realizou na igrexa no ano 1897.

Polo que respecta ás naves laterais, na zona norte existen restos prerrománicos (concretamente do século X), no aparello do muro, así como no antigo arco dunha porta, na actualidade moi retocado. Pola súa banda no muro sur tamén hai aparello prerrománico e ventás con arcos de ferradura. Talvez o que máis chama a atención nas naves laterais, son os seus aleiros que aparecen sostidos por modillóns que presentan unha decoración moi rica e variada. O interese dos aleiros da nave central carece de interese xa que as restauracións posteriores fixeron desaparecer os modillóns orixinais e só quedan dous cunha decoración moi sinxela e erosionados. Sobre o tramo central do cruceiro elévase unha torre truncada oblonga que pecha o ciborio e que tamén foi alterada nas restauracións posteriores.

No que atinxe á fachada occidental, acusa a estrutura de naves con diferentes alturas. No lado sur queda enmarcada por unha torre que se levantou ante ela: de planta cadrada e muro liso, roto no lado occidental por unha ventá gótica xeminada;

o corpo de campás é sinxelo e moderno. A ventá aberta no lado norte presenta un dobre arco de medio punto enmarcado por un sobremarco de tacos.

A portada avanza lixeiramente do plano da fachada e limita polo norte cun contraforte, construído, como o restantes da igrexa, no século XIX. A portada presenta unha arquivolta semicircular ampla na que alternan arcos lisos e decorados que apoian nun par de columnas entregas. Nestes soportes reempregáronse pezas da época altomedieval, realizadas en mármore, cos seus correspondentes capiteis, pertencentes ao século VI, é dicir, entre o suevo e o hispanovisigodo. Son románicas, en cambio, as pezas labradas en granito: os dous capiteis, que rematan estes outros fustes, presentan cabezas humanas flanqueadas por extremidades inferiores moi longas que se apoian no astrágalo (moldura que separa o fuste do capitel), xunto coas inferiores. En realidade son figuras que evocan simios. O dereito é máis sinxelo e posúe unha dobre coroa de follas estilizadas lixeiramente saíntes cara á fronte no remate. Tres dos cimacios así como o sobremarco ornáméntanse con palmas parecidas ás de capiteis anteriores, mentres o cuarto cimacio presenta círculos aliñados que encerran cuadrifolias ou cruces alternadas.

O lintel, en forma de pentágono irregular, apóiase sobre as xambas e na parte central a penas percíbese un círculo que rodea un crismón. Sobre o lintel, o tímpano, en cuxa parte central se labrou en cantería un círculo con catro lóbulos que enmarcan un *Agnus Dei* que sostén unha cruz coas patas dianteiras.

2. A auxe do románico

Prodúcese case ao mesmo tempo que a chegada do chamado «Primeiro Románico». De feito, o comezo da catedral de Santiago en 1075 pódese considerar o da chegada do «Románico Pleno».

Para explicar esta precocidade temos que ter en conta o contexto histórico que o vai favorecer.

2.1. Contexto histórico e cultural

Co rei Afonso VI, a economía galega volve a ter unha etapa de expansión. Un feito decisivo foi o casamento de Raimundo de Borgoña coa infanta Urraca, os cales recibiron do rei o goberno de Galicia en 1092. O conde don Raimundo tiña unha estreita relación coa abadía de Cluny e vai colaborar co seu sogro na difusión dos mosteiros cluniacenses. Esta difusión de mosteiros bieitos e as relacións co mundo borgoñón, onde se atopaba a abadía de Cluny, son fundamentais para a chegada a Galicia do influxo dun novo románico que alí estaba a florecer, o que podemos chamar xa un «Románico Pleno».

No caso de Compostela, isto vese favorecido por un bispo, Diego Xelmírez (ca. 1100-1140), quen ten estreitas relacións con Roma, ata conseguir a transformación de Santiago en sé metropolitana, contando co apoio da abadía.

Á morte de Afonso VI (1109), o príncipe Afonso Raimúndez era menor de idade, o que xunto a unhas revoltas burguesas provocou unha certa inestabilidade

en Galicia. Non obstante, Pedro Froilaz, conde de Traba, quen fora aio do pequeno, proclamouno rei de Galicia, e dous anos máis tarde o bispo Xelmírez o consagrou na catedral de Santiago. Nuns anos o príncipe converteuse en Afonso VII de Castela (1126-1157), e aínda que soportou revoltas de nobres e bispos, contará cos mosteiros como centros de ordenación e control do territorio.

2.2. Contexto artístico

A arte románica caracterízase por unhas construcións realizadas en perpiaños de granito, que conforman grosos muros. Este material non favorece un desenvolvemento da escultura, sendo o mármore algo excepcional. Os edificios soen estar totalmente abovedados, sobre todo cando as condicións económicas o permiten, empregando bóvedas de canón, de arestas e de forno. As de canón constrúense sobre arcos faixóns, e nas tribunas convértense en cuartos de canón. Estas tribunas, dispóñense sobre las naves laterais e teñen fiestras ao exterior e cara ao interior do edificio, mentres as naves laterais, cubertas con bóvedas de arestas, soen ter ventás ao exterior. As bóvedas de forno quedan para as ábsidas.

Os paramentos artículanse con arcos de medio punto abucinados e columnas acaroadas. O conxunto de doelas é de pedra, e soe estar peraltado xa que adoita ocupar un espazo estreito.

As columnas son entregas ou acaroadas, conformando piares cruciformes que fan máis sinxelo a abovedamento de espazos cadrados.

Os capiteis son principalmente de catro tipos: historiados, zoomorfos, vexetais e entrelazados.

As portas teñen con frecuencia arquivoltas que rodean os tímpanos onde atopamos as mellores mostras iconográficas.

Finalmente as cornixas fanse amplas, con metopas e canzorros de temas figurados ou vexetais.

2.3. A catedral de Santiago

É o mellor exemplo do auxo do románico. Comezada en 1075, en tempos do bispo Diego Peláez, acadará o seu esplendor con Diego Xelmírez baixo o que se remata a cabeceira con deambulatorio, capelas absidais e o cruceiro e primeiros tramos da nave principal. O derrubamento da igrexa altomedieval tivo lugar en 1112, momento que parece indicar que no cruceiro se podían celebrar oficios relixiosos.

Polo que respecta á nave central ergueuse en tres etapas:

1112-1117: Momento en que se produce unha sublevación dos habitantes de Santiago contra o arcebispo Xelmírez. Inclúense nesta etapa os catro primeiros tramos das naves, xa que ata o momento o tipo de capitel segue basicamente o modelo do cruceiro decorándose con capiteis vexetais con diferentes tipos de follas, moitas veces estilizadas; no cuarto tramo aparece un capitel cun Daniel entre os leóns, case o único historiado dos da tribuna.

1125-1150, realizaríanse os tramos quinto e sexto.

1150-1168: Realízanse os tramos sétimo e oitavo e, a partir de entón, detéctase a presenza do taller de Mateo na catedral.

2.4. A catedral de Tui

Estudárase como exemplo influído por Santiago, sobre todo na amplitude do transepto, aínda que nos capiteis xera una escola propia que traballa nas igrexas románicas das dúas marxes do Miño.

2.5. A catedral de Lugo

Cara a 1129 concértase a construción dunha nova catedral, debido a que o edificio anterior fora destruído tanto por un incendio, coma pola toma da cidade en 1088, tras a rebelión do conde Rodrigo Ovézquez.

A planta proxectada tería tres naves no brazo maior, unha no cruceiro e tres ábsidas. Nunha primeira campaña só se realizáron, dentro dun estilo plenamente románico, tres tramos.

2.6. Outros exemplos

Como exemplo influído pola catedral de Santiago estudárase Santa María do Sar, mentres se terá en conta Xunqueira de Ambía como edificio atípico por presentar un falso triforio.

2.6.1. Santa María de Sar

A fundación desta colexiata prodúcese en 1136, contando co apoio do bispo de Mondoñedo, Nuño Afonso, e do arcebispo de Santiago, Diego Xelmírez. A coroa achegou dende un primeiro momento importantes prebendas á fundación, finalizando a construción da igrexa en 1168.

2.6.2. Xunqueira de Ambía

Cunha cronoloxía do románico pleno (1167), ten unha cabeceira de tres ábsidas, co central semicircular. Nas naves xa se aprecian elementos propios do románico tardío. Destaca o seu falso triforio.

3. O mestre Mateo e o seu taller

A presenza do taller de Mateo aprézase nos dous últimos tramos da catedral de Santiago e na obra cume que é o pórtico da Gloria. A súas características veranse *in situ* nunha visita ao conxunto catedralicio.

3.1. O Pórtico da Gloria

En 1168 o rei Fernando II concede ao mestre Mateo unha pensión semanal de dous marcos de prata. En realidade foi contratado como director de obras para

terminar a catedral. Na epígrafe baixo os linteis da parte central do Pórtico figura como data da súa colocación 1188. Parece que nese momento estaba feito un pórtico onde se recollía dende as personaxes da Antiga Lei ata a chamada ao Xuízo Final. Os xustos van cara ao tímpano central; os condenados cara ao inferno da arquivolta sur, mentres os anciáns do Apocalipse afinan os seus instrumentos agardando a chegada do fin dos tempos. Todo é presidido por Santiago, quen no cumio, sobre a árbore de Xesé e o capitel coa Trindade, preséntase como anfitrión que forma parte desa estirpe divina, como curmán do Señor.

3.2. A catedral de Ourense

A catedral de Ourense proxectouse e executouse cunha planta de cruz latina: un brazo maior de tres naves, cun total de oito tramos, así como un cruceiro sobresaínte e unha cabeceira composta por cinco capelas semicirculares ao interior, se ben rectas cara ao exterior. Tres capelas ábrense á nave maior, e dous máis nos brazos do cruceiro; temos así unha cabeceira de cinco ábsidas graduadas.

Do tardorrománico hai moitos elementos decorativos nas portas e cornixas, que mostran parecidos con taller do mestre Mateo e do que fixo a igrexa de San Vicente de Ávila.

3.3 Outros edificios do románico tardío

3.3.1. San Lourenzo de Carboeiro

É un mosteiro bieito que se trata neste apartado a partir de 1171, cando se empezan as obras da igrexa monacal, segundo un epígrafe que indica que nesa data o abade Fernando e a comunidade de monxes iniciaban as obras dun novo conxunto.

A súa planta é de cruz latina con tres naves, pouco desenvolvidas debido á súa localización, e capelas absidais na cabeceira (tres) e brazos do cruceiro (dous). Destaca a súa cabeceira con deambulatorio. Baixo a cabeceira áchase unha cripta, datada polo epígrafe anteriormente citado, con escaleiras que ascenden ata as torres. Na súa factura revela un influxo borgoñón, ben directo, ben a través de Mateo.

3.3.2. Santa María de Cambre

É un mosteiro que, tras unha orixe altomedieval, é refeito en 1194. A igrexa é un edificio de tres naves e cruceiro. A cabeceira está constituída por presbiterio rodeado por cinco capelas absidais que se abren ao deambulatorio. A utilización do deambulatorio, propio dunha igrexa de peregrinación, pode deberse, ao igual que en Carboeiro, ao afán de imitación de Compostela, aínda que tamén puido ser a necesidade das procesións que eran moi frecuentes nos mosteiros cluniacenses.

4. A Arte do Císter

4.1. A implantación do Císter na Galicia medieval

O xurdimento dun mosteiro cisterciense pode producirse de dous modos: como fundación *ex novo* ou por afiliación. A primeira require un control por parte da abadía nai ou fundadora, e a súa autorización definitiva depende do Capítulo Xeral.

En Galicia, as fundacións adoitábanse facer a petición dunha parte: un nobre realizaba a oferta de dotación do necesario para a construción do mosteiro e asegurar a subsistencia da comunidade. Iso era estudado pola abadía fundadora para que todo fose acorde cos estatutos.

Foron moi poucos os mosteiros cistercienses fundados *ex novo* en Galicia: o habitual sería a refundación de vellos cenobios de orixe altomedieval e, con frecuencia, a súa incorporación á orde cisterciense tras un período -máis ben curto- de pertenza á bieita.

A chegada do Císter a Galicia prodúcese durante o reinado de Afonso VII (+1157), que contribuíu á doazón do cenobio abandonado de Sobrado á orde, que estaba en posesión de Fernando Pérez de Traba e a súa familia. Pero non foi o gran propagador: realmente polas novas cronoloxías fundacionais, e as doazóns, levaron a cabo unha maior protección Fernando II (+1188) e Afonso IX (+1230), ambos os dous xa reis de León. A morte de Afonso IX que propiciou a integración definitiva de Castela e León con Fernando III, sinalou o declive da Orde en Galicia.

4.2. A arquitectura dos mosteiros cistercienses en Galicia

No territorio galego poden considerarse escasos os restos medievais conservados, se ben no caso concreto das igrexas monásticas é onde poden acharse importantes exemplos e vestixios. A razón debe buscarse non tanto na ruína derivada da Desamortización, senón nos séculos da Idade Moderna, cando as diferentes abadías dispuxeron de moitos ingresos cos que impulsar a substitución das vellas fábricas medievais -en ocasións xa moi deterioradas- e o engrandecemento dos edificios coa adición de novos claustros e dependencias; así mesmo, os cambios de gusto estético ou a necesidade de dispoñer de novos espazos, tamén desempeñarían un papel decisivo neste proceso.

4.2.1. Igrexas abaciais

Na elección das tipoloxías planimétricas das igrexas existen factores determinantes, como a necesidade de dispoñer de varios altares nas comunidades masculinas de maior entidade. Non obstante as de nova fundación (mediados do século XII) seguen os formulismos arquitectónicos marcados polo Císter a partir das súas casas francesas (caso de Sobrado e Meira), mentres as antigas casas beneditinas afiliadas no último cuarto da centuria empregan solucións habituais na arquitectura monástica galega, sen esquecer que varias das devanditas igrexas terían comezado a ser edificadas mesmo antes da incorporación das súas comunidades bieitas á reforma cisterciense.

Con todo hai algunhas excepcións como Oia, da etapa de afiliacións, mais debedora do modelo implantado por San Bernardo en Claraval, así como Montederramo e Monfero que seguen ou modelo francés. En cambio Armenteira, Xunqueira de Espadañedo e Penamaior iniciarían as súas igrexas con anterioridade á súa afiliación ao Císter, polo que seguen a tradición planimétrica máis habitual para o monacato beneditino galego: planta basilical de tres naves, sen transepto marcado e con cabeceira conformada por tres ábsidas semicirculares. Oseira e Melón forman un grupo específico, en tanto que a segunda foi debedora arquitectónica e escultórica da primeira (malia ser Melón unha fundación anterior, *ex novo*, o traslado da súa comunidade sería decisivo para o inicio das obras da súa igrexa cara a fins do século XII, seguindo directamente o modelo que se ía desenvolvendo en Oseira dende aproximadamente 1185). Adoptaron ambas as dúas o tipo de cabeceira con deambulatorio e cinco/tres absidiolas semicirculares, de inspiración tamén ultrapirenaica, aínda que a partir do exemplo compostelán.

En canto ás igrexas abaciais femininas, como Ferreira de Pantón, a simplicidade planimétrica, nave única con ábsida semicircular, axustábase suficientemente ás necesidades das súas comunidades.

4.2.2. O claustro e as súas dependencias

En Galicia non se conservaron restos dos antigos claustros procesionais máis alá do reaproveitamento dalgúns dos seus lenzos murais. Con todo, é posible discernir nos exemplos de Sobrado, Oseira e Meira a perpetuación da planta medieval nos respectivos claustros modernos.

O mesmo ocorre coas sancristías e salas capitulares. Sobrado dos Monxes conserva a estancia monástica medieval máis importante de Galicia: a cociña.

ACTIVIDADES PROPOSTAS

- Para análise da iconografía da igrexa de San Martiño de Mondoñedo (Foz), propónse unha clase interactiva que consiste na confrontación desde edificio con San Bartolomeu de Rebordáns (Tui). Para elo teñen que ler dous artigos:

CASTIÑEIRAS GONZÁLEZ, Manuel Antonio (2009): «San Martiño de Mondoñedo (Foz) revisitado», *Rudesindus. La tierra y el templo*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, Dirección Xeral de Turismo: S.A. de Xestión do Plan Xacobeo, D.L., pp.118-137.

IGLESIAS ALMEIDA, Ernesto (1996): «La iglesia y monasterio de San Bartolomé de Rebordáns», *Boletín de Estudios Seminario Fontán Sarmiento*, 17 (1996).

Durante a hora da clase os estudantes deberán ver as diferenzas e semellanzas entre elas e mesmo entre os dous artigos, un máis de investigación e o outro de divulgación.

- Para o estudo da catedral de Santiago no «Románico Pleno» e no «Tardorrománico» farase unha visita ao conxunto da catedral, no que se fará especial fincapé na fachada de Praterías e no Pórtico da Gloria. Nesta visita, na que se inclúe un percorrido por todo o interior, preténdese que o alumnado poida vivir a concepción do espazo e a luz propias do románico, así como apreciar algunhas das restauracións que tanto a arquitectura como a escultura tiveron ao longo dos séculos. Esta clase interactiva farase en dúas horas.
- Para profundar no coñecemento do románico, e sobre todo, para acadar un dos obxectivos propostos: implicarse na defensa e conservación do patrimonio románico máis próximo ao seu lugar de residencia, propónse ao alumnado a realización dun traballo monográfico sobre un exemplo concreto dunha obra románica ou gótica que, ben pola proximidade a un lugar importante nas súas vidas, ou porque lles esperte algún interese particular, lles permita involucrarse na posta el valor dese conxunto.

O traballo contará cunha titorización por parte da profesora, quen orientará a selección bibliográfica, axudándolles a distinguir obras fundamentais das secundarias, e facilitando a volta ás orixes nos casos nos que as obras se viran moi transformadas ao longo dos séculos.

Procurarase que algunha das obras seleccionadas corresponda a algún mosteiro do Císter o que permitiría a súa exposición na aula, de tal xeito que, por unha banda se vexa a aplicación práctica e concreta dos contidos teóricos expostos no contido número 4, a ao tempo se poidan corrixir error comúns a traballos deste tipo.

AVALIACIÓN DA UNIDADE DIDÁCTICA

A avaliación xeral da materia constará de tres partes: proba escrita (exame), participación en seminarios de discusión (debates, comentarios de imaxes e textos) e traballos persoais (coa súa posible presentación na aula).

Tendo en conta que a proba escrita, segundo a memoria do grao, supón o 40% da cualificación final, e valorando o peso que esta unidade ten no conxunto das sete que compoñen a materia, a porcentaxe será dun 10%.

En canto aos seminarios de discusión e clases interactivas suporán o 30% e os traballos o 30% restante da cualificación final. Neste caso concreto, dadas as actividades propostas, os seminarios suporán ata un 5% e os traballos ata un 20%, tendo en conta que se poden referir a esta unidade ou á seguinte.

En calquera caso, en cada un dos tres parámetros de avaliación será obrigatorio que o alumnado acade unha nota mínima de 5 sobre 10 para que poida optar á suma avaliadora final.

Xa que a avaliación é continua, a asistencia ás clases é obrigatoria, polo que unha ausencia reiterada ás mesmas, sen xustificación, superior ao 20%, suporía a imposibilidade de que o/a alumno/a poida ser avaliado/a na primeira oportunidade.

Polo que atinxe á segunda oportunidade de xullo realizarase unha proba escrita que alcanzará o 80% e permitirase a entrega dun 20% dos traballos non realizados con anterioridade. A porcentaxe desta unidade nesa proba será dun 20%.

Os criterios de cualificación serán:

- A proba escrita incluírá unha parte práctica (análise de imaxes) e, si é oportuno, unha teórica. Valoraranse os coñecementos, a madurez, a orde e o discurso lóxico. A capacidade analítica e de síntese, a expresión adecuada e o emprego rigoroso da terminoloxía propia da disciplina, así como a presentación, tendo en conta a ortografía e sintaxe, que serán as reguladas pola Real Academia Galega e a Real Academia da Lingua Española.
- A participación en clases interactivas ou seminarios suporá ter en conta o rigor na expresión, a capacidade de análise e síntese, así como a participación activa e intelixente do alumno/a.
- Dos traballos persoais valorarase a orixinalidade na proposta de exemplo a estudar; a capacidade de selección, crítica e síntese da información obtida; a capacidade de exposición escrita e a corrección de expresión; a estruturación e o emprego das fontes e material utilizados. Así mesmo teranse en conta as propostas de defensa, protección, posta en valor ou divulgación do exemplo analizado.

BIBLIOGRAFÍA

1. Xeral

ANDRADE CERNADAS, José Miguel e Francisco Javier PÉREZ RODRÍGUEZ, (1995): *Galicia Medieval*, col. Historia de Galicia, tomo III, A Coruña: Vía Láctea Editorial.

GARCÍA IGLESIAS, José Manuel (dir.) (1990): *Arte galega. Estado da cuestión*, A Coruña: Consello da Cultura Galega.

VÁZQUEZ VARELA, José Manuel, José Manuel GARCÍA IGLESIAS, Andrés ROSENDE VALDÉS e outros (1982): *Historia del Arte Gallego*, Madrid: Alhambra.

YZQUIERDO PERRÍN, Ramón (1993): *Galicia. Arte. Arte Medieval (I)*, Tomo X, A Coruña: Hércules.

YZQUIERDO PERRÍN, Ramón e Carmen MANSO PORTO (1996): *Galicia. Arte. Arte Medieval (II)*, Tomo XI, A Coruña: Hércules.

2. Específica

2.1. Arte románica

Arquitectura románica de La Coruña. Faro-Mariñas-Eume (1983): Santiago de Compostela.

- BANGO TORVISO, Isidro Gonzalo (1979): *La arquitectura románica en Pontevedra*, A Coruña: Fundación Barrié de la Maza.
- (1991): *Galicia Románica*, Vigo: Galaxia.
- CHAMOSO LAMAS, Manuel (1979): *Galicia*, Col. España Románica, Madrid: Encuentro.
- PITA ANDRADE, José Manuel (1954): *La construcción de la catedral de Orense*. Santiago de Compostela: Instituto P. Sarmiento de Estudios Gallegos.
- SA BRAVO, Hipólito de (1978): *Las rutas del románico en la provincia de Pontevedra*, Pontevedra: Caja Rural Provincial de Pontevedra.
- VALLE PÉREZ, José Carlos e Jorge RODRÍGUES (2001): *Románico en Galicia y Portugal*, A Coruña: Fundación Barrié de la Maza, Lisboa: Fundación Calouste Gulbenkian.
- YZQUIERDO PERRÍN, Ramón (1983): *La arquitectura románica en Lugo*. A Coruña: Fundación Barrié de la Maza.

2.1.1. Catedral de Santiago

- CASTIÑEIRAS GONZÁLEZ, Manuel Antonio (1995): «Introitus pulcre refulget: algunas reflexiones sobre el programa iconográfico de las portadas románicas del transepto de la catedral», *La meta del camino de Santiago*, Santiago: Xunta de Galicia, pp.85-103.
- (1999): *El Pórtico de la Gloria*, Madrid: Biblioteca jacobea, San Pablo.
- (coord.)(2010): *Compostela e Europa. A historia de Diego Xelmírez*, Milán: Skira; Santiago de Compostela: S.A. Xestión do Plan Xacobeo.
- CONANT, Kenneth John (1983): *Arquitectura románica de la catedral de Santiago de Compostela*, Santiago de Compostela: Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, con MORALEJO ÁLVAREZ, Serafín: «Notas para una revisión de la obra de K. J. Conant».
- GARCÍA IGLESIAS, José Manuel (coord.) (1993): *La catedral de Santiago*, col. Patrimonio Histórico Gallego. Catedrales, A Coruña: Xuntanza Editorial.
- FRANCO MATA, Ángela (dir.) (2004): *Patrimonio artístico de Galicia y otros estudios. Homenaje al Prof. Dr. Serafín Moralejo Álvarez*. 3 tomos, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- NODAR FERNÁNDEZ, Victoriano (2004): *Los inicios de la catedral románica de Santiago: el ambicioso programa iconográfico de Diego Peláez*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- NÚÑEZ RODRÍGUEZ, Manuel (coord.) (2000): *Santiago, la catedral y la memoria del arte*, Santiago de Compostela: Consorcio de Santiago.
- (2005): «David, el *canticum* y la *iucunditas* en el siglo XII», *El sonido de la piedra*, Actas del encuentro sobre instrumentos en el Camino de Santiago, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, pp.89-117.
- (2011): *A la búsqueda de la memoria: los tres pórticos mayores de la basílica de Gelmírez*, Madrid: Círculo Románico ; Santiago deCompostela: Consorcio de Santiago.
- OTERO TÚÑEZ, Ramón e Ramón YZQUIERDO PERRÍN (1990): *El coro del Maestro Mateo de la catedral de Santiago*, A Coruña: Fundación Barrié de la Maza.

SUÁREZ OTERO, José, Dolores BARRAL RIVADULLA, Manuel Antonio CASTIÑEIRAS GONZÁLEZ e outros (2004): *La gran obra de los Caminos de Santiago. Iter SStellarum, tomo II: Santiago de Compostela: una tumba, una catedral*. A Coruña: Hércules de Ediciones S.A.

YZQUIERDO PERRÍN, Ramón (1992): *El Maestro Mateo*, nº23, col. *Cuadernos de Arte Español*, Madrid: Historia 16.

— (2010): *El Maestro Mateo y el Pórtico de la Gloria en la catedral de Santiago*, León: Edileasa.

2.2. Arte do Císter

CENDÓN FERNÁNDEZ, Marta e David CHAO CASTRO (2011): «El Císter en Galicia», *El Císter en el Reino de León*, León: Instituto Leonés de Cultura, Diputación de León, pp.81-115.

VALLE PÉREZ, José Carlos (1982): *La arquitectura cisterciense en Galicia*, A Coruña: Fundación Barrié de la Maza.

3. Recursos en DVD

Atlas de la catedral románica de Santiago. Narración visual e interpretación artística, Xunta de Galicia, Xacobeo 2004.

Reconstrucción del coro pétreo del Maestro Mateo, Fundación Pedro Barrié de la Maza, 2000.



Unha colección orientada a editar materiais docentes de calidade e pensada para apoiar o traballo do profesorado e do alumnado de todas as materias e titulacións da universidade

unidadesdidácticas
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA